



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/2	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de xullo de 2018
Duración	Desde as 20:30 ata as 20:40 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	Rocío López García
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77595025V	Carlos Rivas Rivas	NON
33995905L	Francisco Javier Rodríguez Barrera	Sí
76565789P	Josefa Rodríguez Lorenzo	Sí
71865319W	Manuel Arango Ron	Sí
77595087X	María Emma Álvarez Chao	Sí
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	Sí
33803722R	Miguel Castrillón Fernández	Sí
77592743N	Pablo Maseda Fernández	Sí
76580879X	Rocío López García	Sí
77596320R	Ángel Fernández Villalba	Sí

Escusas de asistencia presentadas:

1. Carlos Rivas Rivas:

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

«motivos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24/05/2018.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data vinte e catro de maio do dous mil dezoito (24/05/18), distribuída coa convocatoria, e non habendo nada máis, o borrador da acta da dita sesión foi aprobada por unanimidade dos presentes.

Expediente 173/2018. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRA DO P.S. DE G-P.S.O.E. DE D^a. ANA BELÉN MARTÍNEZ FERNÁNDEZ.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 16/11/2017 (rexistrada co núm. 2633) presentouse a renuncia expresa de D. Francisco Dasilva Rivas, ao seu cargo como concelleiro do P.S. de G-P.S.O.E., quen ocupaba o posto núm. sexto na lista de dito partido.

Visto que con data 11/06/2018, mediante escrito rexistrado de entradas nas oficinas municipais co núm. 2018-E-RC-1097, recibíuse da Xunta Electoral a credencial acreditativa da condición de electo a favor da candidata á que correspóndelle cubrir a vacante producida, en concreto na figura de D^a. Ana Belén Martínez Fernández, que ocupaba o posto nove na lista, por ter presentado tamén a súa renuncia voluntaria os concelleiros D. Guillermo Rilo Munin e D. Marcos Candia Cuba, que ocupaban os postos sétimo e oitavo, respectivamente, na citada lista.

Visto canto antecede, e considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, artigo 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral; o artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro; e a Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais (BOE. núm.171 de 18/07/2003), de declarar sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione o poida proporcionarlles ingresos económicos, xunto cunha declaración dos seus bens patrimoniais,

Visto que se cumpriu tamén o requisito legal de prestar promesa segundo dispón o art. 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril (B.O. do Estado do día 6),

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar a toma de posesión de D^a. Ana Belén Martínez Fernández, do cargo de Concelleira do Concello do P.S. de G-P.S.O.E., en substitución de D. Francisco Dasilva Rivas, tras a renuncia voluntaria deste e dos dous concelleiros seguintes na lista, D. Guillermo Rilo Munin e D. Marcos Candia Cuba.

SEGUNDO.- Remitir certificación do presente acordo a Xunta Electoral Central para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Expediente 506/2018. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

NÚM. 003.-Expediente 506/2018. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE.

Neste apartado, coñecido o contido da proposta da Sra. Alcadesa sendo o seu contido literal o que segue:

“D^a. ROCÍO LOPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ, cumprindo o preceptuado no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e na Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía presenta ó Pleno a seguinte proposta:

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE.

Neste caso e debido á renuncia como concelleiro de D. Francisco Dasilva Rivas, esta Alcaldía propón como concelleira representante da Corporación na Mancomunidade, en substitución de aquel, a D^a. Mercedes Dengra Sixto. Non obstante a Corporación acordará o que estime pertinente.”

En primeiro lugar pola Alcaldía indicouse que dado que o Sr. Francisco Dasilva Rivas era, xunto con ela, o representante da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, facíase necesario nomear un novo representante en dito órgano e que propoñíase a Sra.

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

Dengra Sixto.

Seguidamente, tomou a palabra a voceira do P. Popular, Sra. Álvarez Chao, para indicar que eles ían a ser coherentes co que fixeran cando se nomeara a Francisco e ían a votar en contra porque crían que tamén o grupo da oposición debería estar representado na Mancomunidade e máis, neste momento, en que estaban un pouco fracturados e podía ser unha boa oportunidade para representar a tódolos veciños.

Tomou a palabra o Sr. Arango Ron para contestarlle que non estaban fracturados de ningunha maneira, que eran cinco concelleiros e que na próxima sesión tomaría posesión o sexto, que seguían coa mesma maioría e que sendo tamén coherentes co que ela dicía, ían a facer o mesmo que facía ela coa súa coherencia, nomear ós representantes da maioría.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e con cinco votos a favor da proposta da Alcaldía, os do P.S. de G.-P.S.O.E., catro en contra, os do Partido Popular e unha abstención, do B.N.G., acordou aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redactada e polo tanto:

PRIMEIRO.- Nomear a D^a. MERCEDES DENGRA SIXTO, concelleira representante da Corporación de Lourenzá na Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense en substitución de D. Francisco Dasilva Rivas.

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo ó Concello de Barreiros, sede da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense para o seu coñecemento e efectos oportunos.

DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE DATA 16/07/18 PRESENTADO POR D. CARLOS RIVAS RIVAS PRESENTADO A SÚA DIMISIÓN COMO CONCELEIRO E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Ase
ntimento

Visto o escrito presentado polo concelleiro do P.S. de G.-P.S.O.E. e segundo Tenente de Alcalde, D. Carlos Rivas Rivas, de data 16/07/2018 e rexistrado de entrada co núm. 2018-E-RC-1430, no que se comunicaba a súa intención de renunciar a dito cargo por motivos persoais.

Unha vez coñecido o contido do escrito, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia ó cargo de concelleiro de Lourenzá de D. CARLOS RIVAS RIVAS.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central para que por esta se achegue a credencial de D. José Moirón Torrente, seguinte na lista (co número décimo) dos que concorriron ás últimas Eleccións Municipais polo Partido Socialista de Galicia-P.S.O.E., para que se

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

proceda ó relevo e poida tomar posesión do seu cargo como concelleiro.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACION CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DENDE A NÚM. 0514 DE DATA 21/05/2018 ATA A NÚM. 0633 DE DATA 13/07/2018.

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 0514/18 de data 21/05/2018 ata a número 0633/18 de data 13/07/2018 , ambas inclusive.

DACION DE CONTA DO RESUMO DA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2018.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 09/07/2018, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

DACION DE CONTA DO P.M.P. DO 2º TRIMESTRE DO 2018.

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2018 relativo ao CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpríuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2018, posto que o Período Medio Global foi de 14,28 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 10/07/2018.

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

ESCRITO DO VOCEIRO DO P.S. DE G-P.S.O.E., D. MANUEL ARANGO RON, REFERENTE Á COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DENTRO DO SEU GRUPO POLÍTICO.

Neste apartado, deuse lectura ó escrito presentado polo voceiro do P.S. de G-P.S.O.E., D. Manuel Arango Ron, o día 09/07/2018, con núm.2018-E-RPLN-1 de rexistro de entrada, sendo o seu contido literal o que segue:

“D. MANUEL ARANGO RON, VOCEIRO DO P.S. de G.-P.S.O.E., cumprindo o preceptuado no artigo 127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ó Pleno a seguinte escrito:

MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:

En relación coa composición da Comisión Especial de Contas, tal e como ven determinado no artigo 66 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia e no artigo 127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86, e dado que tense producido cambios no Grupo Municipal do P.S. de G-P.S.O.E. debido a renuncia de D. Francisco Dasilva Rivas, e ante a toma de posesión da nova concelleira D^a. Ana Belén Martínez Fernández, este voceiro comunica ó Pleno a modificación da composición existente na citada Comisión, no que se refire os membros do Grupo Municipal Socialista, que quedaría da seguinte forma:

- Presidente: D. /D^a. Rocío López García.
- Suplente: D. /D^a. Manuel Arango Ron.
- Vocal: D. /D^a. Mercedes Dengra Sixto.
- Suplente: D. /D^a. Carlos Rivas Rivas.
- Vocal: D. /D^a. Miguel Castrillón Fernández.
- Suplente: D. /D^a. Ana Belén Martínez Fernández.

O Sr. Arango indicou que no caso da suplencia na dita Comisión e tendo en conta a dimisión do Sr. Carlos Rivas Rivas presentada hoxe no pleno, dito posto quedaba pendente e o nomeamento dun novo concelleiro para o mesmo incluírase nunha próxima sesión.

O Pleno deuse por enterado da relación dos membros do P.S. de G-P.S.O.E. que formarían parte da Comisión Especial de Contas.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

PREGUNTAS DO B.N.G.

PREGUNTA NÚM. 1454 DE 18/07/2018.-

Dentro do Pleno de aprobación dos presupostos municipais quedou vostede en mirar o contrato de Don Francisco Damián Pérez Rodríguez.

PREGUNTA: 1.- Poderá dicirnos si está dentro da legalidade.

Pola Sra. Alcaldesa contestouse que efectivamente quedara en miralo e iso estaban facendo. Por parte do Sr. Fdez. Villalba mostrouse o seu asombro e malestar polo feito de que levara seis meses mirando e aínda non lle dera unha resposta.

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

A continuación polo concelleiro do B.N.G. formularonse dous preguntas no propio seo da sesión, ás que pola Alcaldía indicouse que contestaríallas na próxima sesión, sendo éstas as seguintes:

A) PREGUNTA NUM.1: ¿Cando teñen pensado levar ó Pleno a aprobación definitiva do Inventario de Camiños?.

B) PREGUNTA NÚM.2: ¿Fíxose algún trámite para comprobar a veracidade do estado das vías municipapis relatadas no inventario?.

PREGUNTAS DO P.POPULAR.

PREGUNTA NÚM.1455 DE 18/07/2018.-

A día de hoxe, o Ximnasio Multiusos Lourenzá está cerrado ao público sen manter a actividade para a que foi adxudicado. En relación ao anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula á señora Alcaldesa as seguintes preguntas:

1.- Cal é o motivo de que esteña pechado?.

2.- Qué teñen pensado facer a corto prazo?.

Pola Alcaldía indicouse que efectivamente estaba pechado nestes momentos debido a que finalizara o contrato coa empresa adxudicataria e agora estaban subsanándose varias deficiencias nas instalacións e unha vez que estivera listo, a súa previsión era abril de novo, ben directamente polo concello ou ben volvendo a sacalo a concurso.

A Sra. Álvarez Chao preguntoulle en que data rematará o contrato, indicándose pola Sra. Alcaldesa que faría aproximadamente un mes.

PREGUNTA NÚM. 1456 DE 18/07/2018.-

Na última comisión de goberno do 29 de xuño aprobouse por unanimidade a factura núm. C -1046 de 28/04/2018 do Chao dos Navais SL, por importe de 160 € por 8 comidas da Festa da Muller, sendo ésta a única por este concepto.

En relación ao anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula á señora Alcaldesa as seguintes preguntas

1.- *Volveron a facer a Comida da Muller sen IVE ou só fóron 8 persoas a esta Comida?.*

2.- *Número exacto de persoas participantes na II Comida da Muller celebrada o pasado mes de marzo.*

A Alcaldía respondeu á pregunta indicando que a factura correspondía ás comidas dos músicos, que fora con I.V.E., tanto ésta como a facturación do resto da comida total, aclarando o Sr. Arango que a comida cobráselles a cada persoa directamente como se fixera outros anos, e incluíndo o IVE, e por parte da Sra. Dengra Sixto concreouse que foran vinte (20,00) euros, IVE incluído.

PREGUNTA NÚM. 1457 DE 18/07/2018.-

Na última comisión de goberno aprobouse por unanimidade a factura núm. 301 de 27/04/2018 de Ganadería Vidarte SL, por importe de 1681,90 €. por limpeza cunetas e tajeas en Villapol. En relación ao anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula á señora Alcaldesa

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

as seguintes preguntas.

1.- *Qué tramo concreto se limpiou e en que carretera?*

2.- *Cal foi o motivo desta intervención?*

Pola Alcaldesa indicouse que efectivamente fora un tramo da estrada LU-P-2804, na altura de Villapol, que se limpou pola continua demanda dos veciños ante a perigosidade que supoñía o estado no que se atopaba xa que había moita lama na calzada e nas cunetas co conseguinte perigo para os coches dado que podían votarse da calzada.

Pola Sra. Alvarez Chao quixose saber, tendo en conta que era unha estrada provincial, cal fora o motivo de limpiala o concello e se o tramo concreto fora por encima de mobles Huertas e que era ó que había nela, ao que pola Sra. Alcaldesa volveuse a aclarar que fixerano por motivo de urxencia dada a súa perigosidade polo estado no que se atopaba e que fora na LU-P-2804, de Lourenzá a Cazolga, concretamente en Villapol, que non ía a precisar máis e que fora pola queixa constante de varios veciños, nunca dun en concreto, e porque había moita lama, barro e de todo.

Finalmente á pregunta de se íase a pasar o custo tanto á persoa responsable de que estivera así como a Deputación Provincial, pola Alcaldía manifestouse que ela non votara a culpa a ningunha persoa en concreto, que fora debido a que estaban as cunetas sen limpar, e que non lle ía a contesar a nada máis, ó que por parte da Sra. Alvarez Chao indicouse que esperaba que o fixera no próximo pleno.

PREGUNTA NÚM. 1458 DE 18/07/2018.-

Durante a celebración de varios dos últimos plenos celebrados preguntábase entre outras cousas polo proxecto de xestión da Escola Municipal de Música.

En relación ao anteriormente exposto, e en vistas de que non se nos deu resposta, o Grupo Municipal do Partido Popular formula á señora Alcaldesa as seguintes preguntas:

1.- *Concretamente qué tipo de clases de música se imparten na Escola Municipal de Música, é dicir, solfeo e/ou instrumento?*

2.- *Cal é o número de alumnos por clase impartida?*

3.- *Cal é o importe que paga cada alumno por asistencia a clase?*

Polo Sr. Arango Ron indicouse que as materias ofertadas foran saxofón, clarinete, trompeta, outros instrumentos de vento e metal, guitarra, acordeón, percusión, linguaxe musical (solfeo) e conxunto banda así como tamén piano e teclado. En canto ós alumnos por cada asignatura, en acordeón estiveron oito; en trompeta, catro; en saxofón, dous; en clarinete, un; en guitarra, catro; en teclado, dous; e en percusión, dous.

As materias de linguaxe musical e conxunto banda eran de carácter grupal para todos os alumnos e cada un abonaba 25,00 euros/mes, e sobre o número de persoas que había concretamente en solfeo, non tiña ese dato pero que foran vinte e tres alumnos os que acudiran ás clases de música.

A continuación, a Sra. Álvarez Chao formulou a seguinte pregunta no pleno:

En relación a un escrito que vimos colgado na paxina web e rexistrado en Crónica 3, onde o Sr. Arango dicía que lle ían a facer unha despedida elegante ó Sr. Carlos Rivas e tamén que xa tiñan pensado

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

sacarlle a dedicación parcial poque non estaba facendo o seu traballo e ademais dicía que , se él tivera ética, tería que devolver o salario dun montón de meses que non estivera traballando

A pregunta deste grupo , tendo en conta que ainda fai menos de dous meses que o Sr. Arango saíra publicamente a defendelo a raíz dunhas preguntas que lle fixera un compañeiro, así pois a nosa pregunta é se vostedes tiñan pensado votalo e tamén porque non tomaron medidas antes xa que se realmente non estaba traballando, cal era a razón de porqué estivo dous anos e medio cobrando sen facer o seu traballo, e o máis grave é que fora a sabendas do señor voceiro e do resto do equipo de goberno.

Por parte do Sr. Arango contestouselle que suporía que a Alcaldesa responderíalle no próximo pleno, pero que non entendía porque se dirixía a el cando non fora quen asinara dita nota , e ante a resposta da Sra. Álvarez Chao de “porque era o voceiro do grupo e o que lle contestaba sempre”, o Sr. Arango aclarou que asinara o documento como un membro máis do grupo municipal.

A Alcaldesa indicou que contestaría no próximo pleno.

A Sra. Álvarez Chao quixo que constara en acta que estaba ben que non contestaran ás preguntas cando eran preguntas concretas de datos que resultaba imposible saber no momento pero cando se trataba de preguntas como esta que podían contestarse, que non o fixera parecíalle unha falta de respecto tanto para o grupo da oposición como para o público, ao que por parte do Sr. Arango contestouselle que tamén a él parecíalle unha falta de respecto que ela metera baza onde non lle correspondía así como algunhas declaracións que facía na prensa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá